



PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-??

PARTE 1 (Vídeo)

A continuación vai ver vostede dúas veces seguidas un vídeo sobre Desenvolvemento rural. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o vídeo.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Voz en off

Se ben existen numerosas fórmulas para subvencionar proxectos empresariais no mundo rural, unha das máis eficaces e diferenciadas é a dos grupos de desenvolvemento rural, GDR polas súas siglas. Trátase de fondos que a Unión Europea destina para que sexan xestionados desde as propias comarcas mediante un modelo no que participa a Administración pública pero tamén a empresa privada e mesmo cidadáns particulares.

O exemplo témolo no GDR Courel-Ribeira Sacra que vén de destinar dous millóns de euros para financiar trinta e seis pequenos proxectos empresariais de sectores moi diferentes. Este grupo abrangue trece concellos do sur da provincia de Lugo e como lembra o seu xerente as decisións tómanse de abaixo cara arriba.

Martín Alemparte

Os grupos de desenvolvemento rural son entidades asociativas sen ánimo de lucro e a principal característica que posúen é que é unha composición de axentes públicos e privados dun territorio, que se unen para intentar eles mesmos aplicar unha estratexia de desenvolvemento rural no seu ámbito territorial. A principal característica destes grupos de desenvolvemento, precisamente, pois é o enfoque abaixo arriba, o enfoque *bottom up* que o que pretende é que sexan os axentes locais do territorio os que sexan eles partícipes na toma de decisións e na aplicación da súa estratexia de desenvolvemento, para ese territorio.

Voz en off

Os GDR supoñen unha axuda importante nestes tempos en que non sempre é fácil acceder a créditos bancarios para desenvolver proxectos emprendedores, de feito contar co compromiso de respaldo do GDR axuda a que as entidades de crédito sexan máis proclives a conceder financiamento. Cómpre lembrar que as axudas se conceden unha vez a que as iniciativas foron executadas.

Martín Alemparte

Primar ou valorar dunha *maior* maneira aqueles proxectos que *sean* de pequeno investimento, co cal, o que estamos intentando conseguir é pois que *estos* fondos *Leader* podan chegar a moitos máis promotores de proxectos que, *bueno*, coa finalidade de contribuír ao mantemento dos postos de traballo da xente que *todavía* vive nestes *entornos* rurais e ao mesmo tempo, pois, animar a aqueles promotores que deciden iniciar un novo proxecto empresarial no rural, pois *bueno*, que estas axudas están aí dispoñibles para esos pequenos investimentos.

Voz en off

Dado que sete dos trece concellos deste GDR pertencen á Ribeira Sacra lucense, o sector vitivinícola cobra unha especial relevancia. Así, cinco adegas recibiron ou van recibir axudas directas para mellorar a súas instalacións, os seus cultivos ou os seus procesos produtivos. Unha

delas é esta de Sober na subzona de Amandi á que lle foi concedida unha axuda para mellorar a zona de embotellado dos seus viños. Con este proxecto poderán axilizar a distribución do produto.

Víctor Manuel Rodríguez

Si... o proxecto que fixemos foi o acondicionamento de... *esto* era un alpendre, para facer un local para embotellado, *cumplindo* todas as normativas sanitarias e para facilitarnos *as nosas labours* todas de embotellado e etiquetado, antes facíase na bodega e fomos aumentando a produción pouco a pouco e xa se nos quedaba pequeno o sitio, entón agora, con *esto*, pois medramos bastante.

Voz en off

Pero nos últimos anos tanto o GDR como o propio Consello Regulador e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, ademais da iniciativa privada, están a apostar polo enoturismo, unha fórmula que pretende que o visitante se achegue a coñecer como se elabora o viño e as características e atractivos da contorna dos viñedos, baixo esa premisa estoutra adega, tamén en Sober, apostou por crear un espazo no que poder recibir ao turista e darlle o mellor servizo, para iso contaron co apoio finaceiro do GDR.

Brais Veroao

Nós cos fondos do GDR o que intentamos é preparar unha sala de catas ou un lugar para recibir os nosos visitantes, clientes e turistas, que *bueno*, que se sintan nun *entorno* un pouco máis agradable, un pouco máis... reconfortante no que se poidan sentar e *disfrutar*, degustar o viño, *bueno*, tranquilamente.

Voz en off

E a marxe do enoturismo está o turismo a secas. A proxección nacional e internacional que adquiriu nos últimos anos a Ribeira Sacra fai que en cada exercicio aumente o número de visitantes atraídos pola cultura do viño pero tamén pola paisaxe dos ríos entre montañas, polo patrimonio artístico e relixioso, cunhas das meirandes concentracións de templos románicos de Europa, pola gastronomía ou pola tranquilidade da zona. Así estes hostaleiros que contaban cuns apartamentos turísticos acudiron ao GDR para solicitar axuda económica coa que mellorar as súas instalacións. Froito desa solicitude é esta piscina que se está a construír e que en breve entrará en servizo.

Susana Pérez

Nós temos, como podedes ver, uns apartamentos turísticos e... vista a demanda de unha piscina, que moitas familias que viaxan con nenos é algo que nos *suelen* demandar con frecuencia, pois a través do GDR pois *nos decidimos* a solicitar a axuda, para unha piscina de uso turístico. Martín, o xerente do *Leader* foi o que nos chamou, do GDR e nos veu dar unha charla no concello e a través de aí pois xurdiu un pouco a idea, é *decir*, levábamos tempo con ela pero *bueno* foi un punto a ter en conta para así decidirmos.

Voz en off

Pero os membros da directiva do GDR tamén teñen moi claro que é preciso diversificar a actividade máis aló do viño e o turismo para manter o pulso na comarca. Así, entre a última serie de proxectos aprobados están representados múltiples sectores; dende a cría de abellas, a panadería pasando polos embutidos típicos da montaña luguesa, os sectores químico e forestal, a construción ou ata o servizo funerario. Un bo exemplo témolo nesta pequena carpintería de Bóveda que puido cambiar as máquinas antigas por outras novas mediante os cartos que lles

facilita o GDR, dese xeito modificaron o seu método de traballo e poden dar servizos con máis axilidade

Antonio Vilar (carpinteiro)

Pois *gracias* a eso eh... cambiei estas tres máquinas porque se non fora a axudiña pois lóxicamente, non se daba chegado a tan lonxe. Pois é unha tupí, máis *moldurera se pode decir*, unha cepilladora e un *regrueso*, e *bueno* todo eso pois axúdame a sacar o traballo un pouco máis, máis rápido.

Voz en off

Por outra banda os GDR tamén financian proxectos non productivos tanto de índole pública como privada. Nesta tanda de axudas aprobáronse iniciativas por valor de preto de 240.000 euros encamiñadas a obras de mellora en parroquias, acondicionamento de espazos públicos, apertura e mantemento de rutas de sendeirismo ou adquisición de equipamentos para comunidades veciñais, perséguese así destinar os fondos europeos para mellorar a contorna. Pero a creación de emprego segue a ser o grande obxectivo que se marcan dende o GDR Courel-Ribeira Sacra.

Martín Alemparte

Neste *entorno* marcámonos o obxectivo de crear sesenta novos postos de traballo, e *bueno*, é un reto ambicioso, pero *bueno*, en base a estes retos ambiciosos é cando se pode ir traballando de cara a ese, ao *cumplimento* dese obxectivo. Salientar que estes trinta e seis proxectos que, dezanove son proxectos empresariais, pois van a contribuir a creación de dezaseis postos de traballo co cal, *bueno*, podemos considerar que de aquí ao 2020, pois estamos na senda de acadar eses obxectivos que *nos tiñamos* plantexados de inicio de xestión do programa.

Voz en off

Tamén cómpre lembrar que por tratarse de axudas que buscan o desenvolvemento rural, á hora de conceder as subvencións, dáse preferencia a aqueles proxectos *ubicados* en zonas en que hai menos poboación ou un menor nivel de renda.

Martín Alemparte

É certo, a maior diferenciación dos proxectos, pois *bueno*, hai unhas variables sociodemográficas que son as que se puntúan en todos os proxectos e aqueles concellos que teñen as peores variables, pois *bueno*, son os que resultan máis beneficiados nas porcentaxes de subvención que se lle conceden. Por poñer un exemplo, un proxecto que se presente no concello de Folgoso do Courel vai recibir sempre maior puntuación que se se presenta no concello de Monforte de Lemos, como é lóxico.

Voz en off

Ata o ano 2020 van estar dispoñibles os fondos dos plans *Leader* que xestionan os Grupos de Desenvolvemento Rural de toda Galicia. Así, dende as súas xuntas directivas fan un chamamento a todos os emprendedores independentemente de cal sexa o seu sector ou actividade para que se informen e soliciten as axudas dispoñibles. Os membros dos GDR lembran que moitas pequenas ideas acaban sendo grandes grazas ao apoio recibido e que, tamén, moitas outras quedan no limbo por non ter reaccionado a tempo, postos os medios, agora é cuestión de vontade.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: Esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas. ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: O candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas: Faga un resumo do contido do video. ▪ Que tema trata o programa? ▪ Que é un grupo de desenvolvemento rural(GDR)? ▪ Cales son os obxectivos dos GDR?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: O entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e a partir dela diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso, indicándolle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: <i>Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis?</i> etc. Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte. Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación: A. ño asociacionismo é unha boa maneira de poñer en marcha accións que de xeito individual serían imposibles.ð B. ñas axudas económicas poden contribuír a impulsar o mantemento e creación de postos de traballo no rural.ð C. ño enoturismo, o patrimonio artístico ou relixioso, os roteiros turísticos, a gastronomía, mesmo a paisaxe e a tranquilidade... son medios ou recursos que non se deberían desaproveitar para dinamizar o mundo rural.ð D. ño rural pode ofrecer excelentes saídas para o talento emprendedor que sexa quen de converter pequenas ideas en grandes proxectos.ð	

4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: Logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción da frase-tema do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.	

OPCIÓN A

ñO asociacionismo é unha boa maneira de poñer en marcha accións que de xeito individual serían imposibles.ð

- Pertence vostede a algunha asociación (cultural, deportiva, económico-social, cooperativa)? Se é así, comente a súa experiencia. Se non, fale dalgunha que coñeza.
- Sabe dalgún movemento asociativo que impulsase grandes cambios nun lugar determinado?
- Concorde coa frase de que ña unión fai a forzað? Explique a súa postura.
- Pensa vostede que na actualidade vivimos situacións que esixen solidariedade e cooperación?
- Considera que os galegos somos un pobo individualista e, polo tanto, remiso á cooperación ou pensa que o nivel asociativo é similar ao doutros territorios do noso contexto. Dea argumentos para a súa resposta.
- Pensa que neste terreo se tende máis cara á cooperación ou cara á busca de solucións individuais?
- É preciso potenciar o asociacionismo e a cooperación como ferramentas para a busca de solucións colectivas?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre a maneira de vivir o movemento asociativo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

ñAs axudas económicas poden contribuír a impulsar o mantemento e creación de postos de traballo no rural.ð

- Cre que este tipo de axudas son realmente necesarias? Por que?
- Opina que as subvencións económicas contribúen a dinamizar a economía ou só serven para prolongar a agonía en determinados territorios?
- Solicitou vostede ou algunha persoa coñecida algún tipo de axuda ou subvención? Conte a experiencia.
- Cre que a Administración informa de forma suficiente sobre a existencia deste tipo de axudas ou que ao final só moi poucas persoas saben delas? Como cre que se podería mellorar a súa difusión?
- Parécelle que no rural poden crearse aínda novos postos de traballo? Cales? En que ámbitos?
- Ademais das axudas económicas, pensa vostede que son precisas accións formativas para impulsar o emprego no rural?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre o tipo de axudas económicas en

Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

ñO enoturismo, o patrimonio artístico ou relixioso, os roteiros turísticos, a gastronomía, mesmo a paisaxe e a tranquilidade... son medios ou recursos que non se deberían desaproveitar para dinamizar o mundo rural. ð

- Cre que eses recursos están xa suficientemente explotados ou que aínda poderían dar máis de si? Explique a súa resposta.
- Coñece algunha experiencia de explotación no rural deste tipo de recursos ou outros semellantes? Cóntea con detalle.
- Ademais destes recursos xa citados, ocórrenselle outras iniciativas ou posibilidades de desenvolvemento que poidan ser viables? Cales?
- Nun mundo en que a poboación urbana non deixa de medrar, cre que se debe impulsar o desenvolvemento rural? Expoña a súa opinión.
- Se vostede vivise no rural e tivese que explotar un negocio baseado nestes recursos, por cal optaría? Por que?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre a maneira de dinamizar o mundo rural en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

ñO rural pode ofrecer excelentes saídas para o talento emprendedor que sexa quen de converter pequenas ideas en grandes proxectos. ð

- Considera que vostede ten ou podería ter ñtalento emprendedorð? Por que? En caso de resposta afirmativa, en que ámbito?
- Parécelle que é posible ñfacer grande unha pequena ideað? Coñece algún caso?
- Hai xente que abandona o traballo por conta allea na cidade para establecerse por conta propia no rural. Que opina ao respecto? Parécelle unha boa opción? Veríase vostede capaz de facelo?
- Pensa vostede que a volta ao rural constitúe unha opción atractiva para familias asfixiadas polo elevado custo que supón vivir na urbe?
- Coñece algún caso de persoa emprendedora que iniciase un negocio novo no rural? Cónteo.

- Cre que o rural en Galicia está abandonado? Explique os motivos da súa resposta.
- Se lle propuxesen trasladarse ao rural garantíndolle un posto de traballo faríao ou agardaría a atopar algo nunha zona urbana? Por que?
- (Se procede) Existen semellanzas ou diferenzas entre a maneira potenciar o talento emprendedor en Galicia e no seu lugar de orixe?